




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Cedeira. Concello: Valdoviño. Parroquia: San Martiño de Vilarrube na metade oriental e Santiago de Pantín na occidental. Extensión: 2,68 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Parte da ría de Cedeira, forma a metade occidental da súa ramificación sur. É unha unidade contrastada, enfrontando a chaira costeira -circunscrita á marisma e as chairas intermareais- a relevos moi próximos que superan os 250 m. Estes relevos apuntan o Río Forcadas, a escasos metros da costa. Esta unidade acolle a parte oeste da dobre frecha de Vilarrube, excepcional conxunto areoso que acelera o proceso de ategamento traseiro. Inclúe o EIX Dobre frecha areosa de Vilarrube.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Incluída no Complexo de Cabo Ortegal, do Precámbrico-Cámbrico, está dominada por rochas metabásicas en facies granulítica e anfibolítica, mentres no extremo sudoriental aparece un gneis de dúas micas, coñecido como Gneis de Chimparra. Os depósitos cuaternarios están ben representados por praia, duna, marismas e chairas intermareais da dobre frecha de Pantín.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Seco: temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. Precipitacións medias entre 800 mm e 1000 mm anuais, aínda que son superiores na parte alta do Monte do Castro ata un máximo de 1200 mm ao ano (ambiente Cálido-Subhúmido).

OS SOLOS

Na fronte costeira, a frecha areosa presenta arenosoles e as marismas e zonas intermareais lamacentas do esteiro do Río Forcadas introducen a presenza de fluvisoles típicos. Os materiais básicos e os gnéisicos precámbrico-cámbricos dan lugar á presenza de horizontes dístricos e órtricos en tipos lehm (nomenclatura Kúbiena). O cumo da Gatosa presenta umbrisoles dístricos, e as empinadas ladeiras do encaixado val do Río Forcadas, que verten cara á ría, presentan acrisoles órtricos.


AS AUGAS

Cunca baixa do Rego das Ferrerías describe un trazado final rectilíneo de dirección S-N antes de alterar notablemente a súa morfoloxía ao redor do complexo sedimentario. Verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Cedeira (20119).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa e intermareal inclúense no LIC Costa Ártabra. A unidade defínese polos bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140), o esteiro (1130) e as marismas e pasteiros salinos atlánticos (grupo 13). A existencia de acantilados baixos inclúe o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A dobre frecha areosa da importancia aos hábitats dunares do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Existen potencialidades para os hábitats 2230 e 2260 das dunas marítimas das costas mediterráneas: 2230, Dunas con céspedes de Malcolmietalia, e potencialmente o 2260, Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. Nos hábitats máis continentais só aparecen pequenas masas de frondosas de recolonización en Fermil e Frádegas. Conta con citas dos taxons vulnerables protexidos Crepis novoana e Antirrhinum majus subsp. linkianum.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade desenvólvese o uso forestal das formacións de repoboación, nas ladeiras de forte pendente, e o uso agrario asociado ao mosaico que hoxe perdura nas zonas baixas da vertente norte do Monte Coto do Castro e na zona divisoria de augas entre o Monte de Burneira e o Alto da Gasosa. A praia de Vilarrube compatibiliza a explotación marisqueira co seu aproveitamento turístico. Ademais, no río Forcadas obtense enerxía hidroeléctrica a través da central das Ferrerías, existente dende hai algo máis de 50 anos.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos presenta un carácter rural tradicional e organizase ao redor das vías provinciais e a vía autonómica AC-566, situándose a media ladeira e o as zonas máis chás das divisorias de cuncas. Os núcleos configuran o foco dinamizador do seu mosaico agrícola circundante e estrutúranse en diseminado adaptándose a configuración en pendente das vertentes. Figuran así, na ladeira norte do Monte Coto do Castro, os núcleos do Cotelo, O Barcelar e A Atalaia; ao redor do val encaixado do río Forcadas, destaca o lugar das Ferrerías, na ladeira de maior pendente, incluíndo as instalacións da central hidroeléctrica, na vertente oposta figuran os lugares de lanes, A Capela e As Torrentes; nas ladeiras dos montes de Burneira e Alto da Gasosa, os núcleos de Frádegas e Fermil, entre os cales (A Loira) se produciron crecementos residenciais de tipoloxía unifamiliar desvinculados das funcións produtivas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede primaria autonómica Ferrol- Viveiro, AC-566 constitúe a principal e case única vía de comunicación a excepción da densa trama de camiños. A trama viaria complétase coas provinciais C-8701 e C-2201. Xunto a estas vías principais, unha trama de pistas e camiños percorre o conxunto da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os Castros de Vilarrube nas Ferrerías e o situado na Loira son os elementos máis importantes do patrimonio cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

- O elemento dominante, na unidade, é sen dúbida o excepcional areal en dobre frecha de Vilarrube. Tras el, as ladeiras dos montes que enmarcan o ámbito, convértese nun amplo miradoiro natural. Os elementos culturais veñen definidos polas tradicionais actividades agrícolas que ocuparon as áreas planas do ámbito. Actualmente, conserva a estrutura e organización orixinal coa excepción da rápida e intensa produción madeireira que ocupou a práctica totalidade das zonas de pendente media e alta. As dinámicas naturais de ategamento na zona de marisma, conviven coas derivadas dunha progresiva implantación de vivendas en zonas cultivadas próximas á principal vía (AC_566) que non están asociadas á vida rural e tampouco chegan a desenvolver unha funcionalidade urbana.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas naturais de ategamento na zona de marisma conviven coas derivadas dunha progresiva implantación de vivendas en zonas cultivadas próximas á principal vía (AC_566) buscando as vistas e a proximidade da praia.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade complementa a veciña unidade oriental de Vilarrube Leste-Río das Mestas, presentando características equivalentes. Así, tamén destaca especialmente pola predominancia dos valores naturais, xeomorfolóxicos e ecolóxicos, asociados aos singulares bancos areosos da dobre frecha litoral de Vilarrube, como así foi recoñecido coa súa clasificación como Espazo de Interese Xeomorfolóxico de Dobre frecha areosa de Vilarrube e a súa inclusión no LIC e ZEPVN Costa Ártabra. A diferenza da unidade veciña, o mosaico agrícola tradicional non perdurou con tanta representatividade debido en gran parte ao maior dinamismo da súa topografía, pero goza do desenvolvemento necesario para unha lectura comprensiva deste modo de organización do territorio. A escena caracterízase polos fortes contrastes da topografía e as texturas presentes, dende as altas cotas próximas aos 200 metros dos montes presentes, como o de Burneira, ao norte, tapizadas polos bosques de repoboación, ata a diversidade do mosaico agrícola e o continuo banco areoso que emerxe da lámina de auga do esteiro. Dende a vertente onde se asentan os núcleos de Frádegas e Fermil pódese contemplar esta escena parcial da labiríntica ría de Cedeira, erixíndose na vertente oposta o Espazo de Interese Paisaxístico de Outerio da Miña Señora.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



